



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2021/37526. Aprobación das bases para a selección de expositores que se poden acoller ao financiamento dun stand no CULTURGAL 2021, dirixidas a entidades culturais sen ánimo de lucro e a empresas do sector cultural

Por resolución do presidente da Deputación núm. 37526, do 24 de setembro de 2021, aprobáronse as Bases para a selección de expositores que se poden acoller ao financiamento dun stand no CULTURGAL 2021, dirixidas a entidades culturais sen ánimo de lucro e a empresas do sector cultural, que se transcriben deseguido:

BASES PARA A SELECCIÓN DE EXPOSITORES QUE SE PODEN ACOLLER AO FINANCIAMENTO DUN STAND NO CULTURGAL 2021, DIRIXIDAS A ENTIDADES CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO E A EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL

1.-Obxecto.

A Deputación da Coruña, a través da área de Cultura, regula mediante o presente documento a convocatoria pública dirixida a entidades culturais sen ánimo de lucro e a empresas do sector cultural con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que estean interesadas en asistir á Feira das industrias culturais de Galicia CULTURGAL 2021 que terá lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra, os días 26, 27 e 28 de novembro de 2021.

Co obxecto de colaborar co sector cultural da provincia, a Deputación da Coruña dispón de 14 stands de 6m² e un prezo de 350,00€, que cederá de xeito gratuito ás entidades culturais sen ánimo de lucro e a empresas do sector cultural que resulten seleccionadas a través desta convocatoria.

2.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no BOP da Coruña, e finalizará ás 14.00 horas do día 13 de outubro de 2021.

3.-Solicitud e documentación.

As entidades ou empresas interesadas en participar nesta convocatoria deberán entregar no rexistro da Deputación Provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou ben a través da sede electrónica da nosa web: www.dacoruna.gal, a seguinte documentación:

- Solicitud de participación na presente convocatoria (anexo).
- Estatutos da entidade ou escritura de constitución da empresa inscritos no rexistro público que corresponda.
- Fotocopia do documento de identificación fiscal da entidade ou empresa.
- Memoria das actividades da entidade ou empresa nos anos 2020 e 2021, con indicación ao sector cultural ao que se adica. Nesta memoria describiranse os proxectos que realiza e si é o caso os premios e recoñecementos acadados no seu ámbito de actividade.
- Certificación do número de persoas que traballan na entidade ou empresa, indicando para cada unha delas: denominación do posto de traballo, xornada e antigüidade.
- Breve descrición do stand e o que se pretende divulgar ou difundir nos días de celebración do CULTURGAL.
- No seu caso, certificación de participación na Feira en anos anteriores, que deberá ser expedido polo CULTURGAL

4.-Condicións e obrigas.

4.1.-As entidades sen ánimo de lucro ou empresas seleccionadas terán os servizos básicos que o CULTURGAL dispoña para todos os stands da feira, que como mínimo serán:

- Inclusión na web e no catálogo de expositores do CULTURGAL 2021.
- Seguro de responsabilidade civil obrigatorio.

- Servizo xeral de limpeza do stand.
- Acceso wifi durante os días de apertura ao público.
- Servizo de vixilancia xeral do recinto expositivo.
- Toma de corrente.
- Iluminación individual.
- Displayer co nome da entidade.

4.2.–Os días de celebración do CULTURGAL serán o 26, 27 e 28 de novembro de 2021.

4.3.–Os expositores aos que se lles adxudique un stand poderán contratar a maiores melloras no stand (mobiliario, maior espazo) para o que deberán dirixirse directamente á Asociación Culturgal, organizadora da Feira.

En ningún caso a Deputación aboará gasto algún derivado das posibles melloras que realicen os expositores.

4.4.–A ubicación dos postos será coordinada pola propia entidade organizadora do evento, no momento da inscrición dos diferentes expositores e de acordo aos criterios que estableza o propio CULTURGAL.

4.5.–Os expositores seleccionados deberán colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña no formato que se lles proporcionará no momento da resolución das axudas.

4.6.–Os expositores seleccionados deberán utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

4.7.–As adxudicacións serán persoais e intransferibles.

O incumprimento dalgunha das obrigas conlevará o pago total do aluguer do stand por parte do expositor.

5.–Resolución.

A adxudicación dos expositores é competencia da área de Cultura da Deputación da Coruña, publicando a resolución coas entidades ou empresas seleccionadas na súa páxina web www.dacoruna.gal.

A selección das solicitudes farase conforme os criterios seguintes:

- Traxectoria da entidade sen ánimo de lucro ou empresa. Ata 3 puntos.
- Número de persoas traballadoras contratadas. Ata 3 puntos.
- Proxectos innovadores. Ata 2 puntos.
- Premios e recoñecementos acadados pola entidade ou empresa no seu ámbito de actividade. Ata 2 puntos.

A presentación e sinatura da solicitude implica o coñecemento e aceptación íntegra das presentes bases.

ANEXO



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES

SOLICITUDE PARA O CULTURGAL 2021

Para os efectos de participar nas axudas para o aluguer do Stand no CULTURGAL 2021, a celebrar do 26 ao 28 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, achéganse os datos seguintes:

Datos solicitante	
Entidade sen ánimo de lucro ou empresa	
NIF	
Representante	
NIF	
Teléfono de contacto	
E-mail	
Nome da marca/expositor	
Páxina web	

Documentación:

- Estatutos da entidade ou escritura de constitución da empresa inscritos no rexistro público que corresponda.
- Fotocopia do documento de identificación fiscal da entidade ou empresa.
- Memoria das actividades da entidade ou empresa nos anos 2020 e 2021, con indicación ao sector cultural ao que se adica. Nesta memoria describiranse os proxectos que realiza e si é o caso os premios e recoñecementos acadados no seu ámbito de actividade.
- Certificación do número de persoas que traballan na entidade ou empresa, indicando para cada unha delas: denominación do posto de traballo, xornada e antigüidade.
- Breve descrición do stand e o que se pretende divulgar ou difundir nos días de celebración do CULTURGAL 2021.
- No seu caso, certificación de participación na Feira en anos anteriores, que deberá ser expedido polo CULTURGAL

Sinatura:

A Coruña, 24 de setembro de 2021.

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía